

Selección e provisión dun posto de traballo de funcionario/a Auxiliar Administrativo/a de Administración Xeral, Subgrupo C2, do Concello de Ponteceso.

NOME. _____

APELIDOS: _____

DNI. _____

Data: 15-10-2021

1º Exercicio: O tempo máximo para a realización da proba será de 60 minutos. Componse de 60 preguntas con catro posibles respuestas e 5 preguntas de reserva. Os/as aspirantes deberán marcar con un "X" a resposta que estimen correcta. No caso de que se anule algunha pregunta suplírse polas que constan como reserva, pola orde en que están formuladas. Deberán asinar o cuestionario en cada unha das follas, na parte inferior ao lado do número

- 1. A iniciativa de reforma constitucional**
 - a) Exercerase por iniciativa popular.
 - b) Exercerase polo Goberno, o Congreso e o Senado.
 - c) Exercerase polo Goberno, o Congreso, o Senado e as Asambleas das Comunidades Autónomas.
 - d) Realizarase de igual forma que a iniciativa legislativa e exercerase polo Goberno, o Congreso, o Senado e as Asambleas das Comunidades Autónomas
- 2. ¿Que artigos comprende o Título Preliminar da Constitución Española?**
 - a) 1 a 14
 - b) 1 a 9
 - c) 10 a 19
 - d) Ningunha resposta é correcta
- 3. O art. 159.3 da Constitución Española establece que os membros do Tribunal Constitucional serán designados por un período de.....**
 - a) Nove anos
 - b) Seis anos e renovaranse por terceiras partes cada tres.
 - c) Nove anos e renovaranse por terceiras partes cada tres.
 - d) Ningunha resposta é correcta.
- 4. Conforme ao artigo 10 da Constitución Española, a dignidade da persoal, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento de...:**
 - a) Da orde política e da paz social.
 - b) Dunha sociedade democrática avanzada.
 - c) Da convivencia democrática dentro da Constitución.
 - d) Todas as respuestas son correctas.
- 5. Segundo o artigo 140 da Constitución, os municipios:**
 - a) Non gozarán de personalidade xurídica.
 - b) Gozarán de personalidade xurídica propia.
 - c) Gozarán de personalidade xurídica plena.
 - d) Gozarán de personalidade xurídica propia e plena.

- 6. De conformidade co art. 142 da Constitución, de que se nutrirán as facendas locais para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás Corporacións respectivas?**
- a) Fundamentalmente dos cedidos polo Estados e das Comunidades Autónomas.
 - b) Unicamente de tributos propios.
 - c) Fundamentalmente de tributos propios e da participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas.**
 - d) Unicamente dos tributos que se estableza na correspondente partida dos Orzamentos Xerais do Estado.
- 7. Como se organiza territorialmente o Estado, segundo o artigo 137 da Constitución Española?**
- a) En entidades locais e autonómicas
 - b) En municipios, en provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan.**
 - c) En municipios, mancomunidades, provincias, territorios insulares e Comunidades Autónomas.
 - d) En municipios, provincias, territorios insulares e nas Comunidades Autónomas que se constitúan.
- 8. O Estado garante a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 da Constitución:**
- a) Promovendo a igualdade de impostos en todas as partes do territorio español.
 - b) Velando polo establecemento dun equilibrio económico, adecuado e progresivo entre as diversas partes do territorio español e atendendo en particular ás circunstancias do feito insular e dos territorios de montaña.
 - c) Velando polo establecemento dun equilibrio económico, adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español e atendendo en particular ás circunstancias do feito insular.**
 - d) Todas as respostas son correctas.
- 9. Cal é fin do Fondo de Compensación Interterritorial previsto no art 158.2 da Constitución Española?**
- a) Corrixir desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade**
 - b) Distribuír os recursos económicos de todas as Provincias dunha Comunidade Autónoma
 - c) Facer efectivo o principio de autonomía dos municipios integrantes dunha Comunidade Autónoma
 - e) Todas as respostas anteriores son correctas
- 10. O artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece:**
- a) Ningún poderá ser discriminado por usar ou non usar unha das dúas linguas.
 - b) As linguas propias de Galicia son o galego e o castelán.
 - c) Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.**
 - d) Todas son correctas.
- 11. Que afirmación, segundo o Título Preliminar do Estatuto de Autonomía de Galicia, NON é correcta:**
- a) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.
 - b) Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do presente Estatuto e do pobo.

- c) Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan só da Constitución e do presente Estatuto.
- d) Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos na Constitución.
12. É competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza, entre outras, nas materias:
- a) Réxime Xurídico da Administración Pública de Galicia e réxime estatutario dos seus funcionarios.
- b) Expropiación forzosa, contratos e concesións administrativas no ámbito das competencias propias da Comunidade Autónoma.
- c) Réxime mineiro e enerxético.
- d) Todas son correctas.
13. Cada canto tempo terá lugar a renovación parcial dos xuíces e avogados xerais, nas condicións establecidas no Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea?
- a) Cada ano
- b) Cada tres anos**
- c) Cada cinco anos
- d) sete anos
14. O mandato da Comisión será de:
- a) Tres anos
- b) Catro anos
- c) Cinco anos**
- d) Seis anos
15. O órgano da Unión Europea que representa aos cidadáns dos Estados membros é:
- a) O Parlamento Europeo
- b) A Comisión
- c) O Consello
- d) O Tribunal de Xustiza
16. Cal é o supremo órgano consultivo do Goberno?
- a) O Tribunal Constitucional
- b) O Defensor do Pobo
- c) O Senado
- d) O Consello de Estado.**
17. Sinala a opción incorrecta. A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de:
- a) Eficacia
- b) Celeridade**
- c) Coordinación
- d) Xerarquía
18. A relación electrónica coas Administracións Públicas para as persoas xurídicas:
- a) É unha obligación**
- b) É unha opción
- c) É igual que para as persoas físicas.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

19. En todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, os seguintes suxetos:

- a) As persoas xurídicas.
- b) Quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.
- c) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.
- d) **Todas as respostas anteriores son correctas.**

20. De conformidade coa Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nun concello cuxa poboación está comprendida entre os 5.001 e os 20.000 habitantes, o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada.....

- a) Unha vez ao mes.
- b) **Cada dous meses.**
- c) Cada tres meses.
- d) Cando o convoque o Alcalde.

21. A formación, mantemento, revisión e custodia do Padrón Municipal compete a:

- a) Ao Instituto Nacional de Estatística.
- b) Ao Consello de Empadroamento.
- c) **Ao Concello.**
- d) Ao Instituto Galego de Estatística.

22. Os municipios de poboación superior a 5.000 habitantes deberán prestar, entre outros, o servizo de....

- a) Protección Civil
- b) **Parque público**
- c) Protección do medio ambiente
- d) Instalacións deportivas de uso público.

23. De conformidade co artigo 1 dá Lei 39/2015, LPACAP, o obxecto de dita lei é regular os requisitos:

- a) Lexislativos e formais doux actos administrativos e o procedemento administrativo común a todas as Administracións Públicas.
- b) De validez e eficacia doux actos administrativos e o procedemento administrativo común a todas as Administracións Públicas que se acolan a esta lei.
- c) **De validez e eficacia dos actos administrativos e o procedemento administrativo común a todas as Administracións Públicas.**
- d) De validez e eficacia doux actos administrativos e o procedemento administrativo común dá Administración Xeral do Estado e dos seus organismos dependentes.

24. Conforme ao artigo 2.4 da LPACAP, as Corporacións de dereito público, no exercicio das súas funcións públicas que lles atribúa a Lei ou que lles foran delegadas por unha Administración Pública, rexeranse por:

- a) A LPACAP e para o non disposto na mesma pola súa normativa específica.
- b) **A súa normativa específica e supletoriamente pola LPACAP.**
- c) Pola LPACAP en todas as súas actuacións.
- d) Ningunha resposta é correcta.

25. A teor do art. 16.5 LPACAP, os documentos orixinais presentados polos interesados, de maneira presencial, diante das Administracións Públicas...

- a) Custodiaranse pola Administración cando unha norma así o determine
 - b) Devolveranse ao interesado, como norma xeral.
 - c) Trataranse mediante a súa dixitalización.
 - d) **Todas as respuestas son correctas**
- 26. Conforme ao art. 16.1 da LPACAP, os Organismos Públicos vinculados ou dependentes de cada Administración...**
- a) Deberán empregar o rexistro electrónico xeral da Administración da que depende.
 - b) **Poderán ter o seu propio rexistro electrónico**
 - c) Deberán enviar a Administración da que dependan os documentos e expedientes para que se rexistren no Rexistro Electrónico Xeral
 - d) Ningunha resposta é correcta.
- 27. Segundo o art. 106.1 da LPACAP, as Administracións Públicas declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que poñan fin á vía administrativa o que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1 de dita Lei:**
- a) Por iniciativa propia ou a solicitude do interesado.
 - b) En calquera momento.
 - c) **Todas as respuestas son correctas.**
 - d) Previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónomo, se o houbera.
- 28. Segundo o art. 107.5 da LPACAP, relacionado coa declaración de lesividade dos actos anulables, si o acto provén das entidades que integran a Administración Local, a declaración de lesividade adoptarase por:**
- a) O Presidente da Corporación ou, no seu defecto, polo Pleno da mesma.
 - b) O Pleno da Corporación en todo caso.
 - c) O Alcalde da Corporación.
 - d) **O Pleno da Corporación ou, no seu defecto, polo órgano colexiado superior da entidade.**
- 29. De conformidade co artigo 113 da LPACAP, contra os actos firmes na vía administrativa...**
- a) Só procederá o recurso de alzada cando concorra alguma das circunstancias previstas no art. 125.1 de dita Lei.
 - b) **Só procederá o recurso extraordinario de revisión cando concorra alguma das circunstancias previstas no artigo 125.1 de dita Lei**
 - c) Procederá calquera tipo de recurso na vía administrativa.
 - d) Só procederá o recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa.
- 30. O órgano de goberno e administración dun municipio cunha poboación de 5.236 habitantes é:**
- a) O Alcalde.
 - b) O Pleno.
 - c) **O concello.**
 - d) O Alcalde e o Pleno, según quen teña atribuida legalmente a competencia de que se trate.
- 31. Segundo dispón o artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, a Xunta de Goberno Local:**
- a) Existe en todos os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes e nos de menos, cando en todo caso así o dispoña o seu regulamento orgánico.

b) Existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.

c) Existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando en todo caso así o acorde o Pleno do seu concello por maioría absoluta.

d) Existe en todos os municipios con poboación superior a 10.000 habitantes e nos de menos, cando dispoña de regulamento orgánico

32. A organización dun municipio cunha poboación de 156.025 habitantes e que sexa capital de provincia é a seguinte:

a) Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas, Comisión Especial de Contas, Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións.

b) Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas, Comisión Especial de Contas.

c) Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas, Comisión Especial de Contas, Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións se o Pleno así o houbese acordado polo voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros ou se o dispón o seu Regulamento orgánico.

d) Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas, Secretario Xeral do Pleno, Comisión Especial de Contas.

33. De conformidade có artigo 22 da LBRL, o Pleno pode delegar o exercicio da/s seguinte/s atribución/s no Alcalde e na Xunta de Goberno Local:

a) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas

b) A declaración de lesividade dos actos do Concello

c) A aceptación da delegación de competencias feita por outras Administracións públicas

d) Todas son correctas.

34. Poden aprobar ordenanzas e regulamentos as seguintes entidades locais:

a) As Comarcas e as Áreas Metropolitanas, en todo caso

b) O Municipio, a Provincia e a Isla nos archipiélagos balear e canario, en todo caso

c) As Mancomunidades de municipios, en todo caso.

d) Todas son correctas.

35. A aprobación das ordenanzas locales axustarase ao procedemento establecido no artigo:

a) 35 Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local

b) 86 Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local

c) 112 Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local

d) Ningunha é correcta.

36. As ordenanzas fiscais do Concello de Ponteceso entrarán en vigor:

- a) Unha vez publicado o acordo de aprobación definitiva, incluindo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña
- b) Unha vez publicado o acuerdo de aprobación definitiva, incluindo os provisionais elevados automáticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia da Coruña
- c) Unha vez publicado o acuerdo de aprobación definitiva, incluindo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da LBRL.
- d) Transcorridos 15 días hábiles a contar desde o seguinte ao da aprobación definitiva por parte do Pleno da Corporación.

37. Requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións

locais para a adopción de acordos nas seguintes materias:

- a) Ordenanzas locais
- b) Aprobación de proxectos de obras e servizos
- c) Cesión gratuita de bens a outras Administracións Publicas.
- d) Ningunha das respuestas anteriores é correcta.

38. O Pleno da Corporación dun concello de 5.500 habitantes (número legal de membros= 13 concelleiros) se constitúe validamente coa asistencia:

- a) do Presidente, do Secretario da Corporación ou de quenes legalmente os substituan e coa de 3 concelleiros.
- b) do Presidente, do Secretario da Corporación ou de quenes legalmente os substitúan e coa de 4 concelleiros
- c) do Presidente, do Secretario da Corporación ou de quenes legalmente os substúan e coa de 5 concelleiros
- d) do Presidente, do Secretario da Corporación ou de quenes legalmente os substituan e coa de 6 concelleiros

39. Están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras, de concesión de obras e de concesión de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a:

- a) 4.350.000 euros
- b) 5.350.000 euros
- c) 5.800.000 euros
- d) 6.950.000 euros

40. A duración máxima dos contratos de concesión de servizos que comprendan a explotación dun servizo non relacionado coa prestación de servizos sanitarios é de :

- a) Dez anos.
- b) Vinte anos
- c) Vinte e cinco anos
- d) Corenta anos.

41. Terán a consideración de contratos menores de obra aqueles cuxo valor estimado sexa inferior a:

- a) 30.000 €
- b) 40.000 €
- c) 50.000 €
- d) 60.000 €

42. Con respecto ao persoal eventual das entidades locais:

- a) o número, características e retribucións será determinado polo Alcalde en calquer momento do mandato.
- b) o número, características e retribucións será determinado polo Alcalde ao comezo do mandato.
- c) o nomeamento e o cese corresponde ao Pleno.
- d) ningunha das respostas é correcta.

43. A cuantía global das retribucións complementarias dos funcionarios locais:

- a) será a fixada, con carácter xeral para toda a función pública, pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado de cada exercicio.
- b) será fixada polo Alcalde ou Presidente da Corporación.
- c) será fixada pola Xunta de Goberno Local
- d) as respostas b e c son correctas sempre que o Pleno houbese delegado esta competencia na Xunta de Goberno Local

44. Cando un/ha funcionario/a accede á condición de concelleiro/a con dedicación exclusiva pasa á situación de:

- a) Excedencia forzosa
- b) Suspensión firme
- c) Servizos especiais
- d) Comisión de servizo

45. No caso de que un concello declare o edificio propiedade dun veciño en estado de ruína e lle inste a que proceda ao seu derrube, si dito veciño presentara un recurso (en vía administrativa ou xudicial) contra a declaración de ruína por considerar que o edificio non presenta deficiencias:

- a) Dito recurso non impide en ningún caso a execución forzosa da Administración.
- b) Dito recurso suspende inmediatamente a súa execución, xa que a súa validez está sendo cuestionada.
- c) **Dito recurso non impide a execución forzosa a menos que se outorguen as medidas provisionais ou cautelares de suspensión.**
- d) Dito recurso terá que ser tramitado e resolto sen que se poda adoptar ningunha medida con antelación.

46. As Entidades Locais poderán esixir taxas polos servizos seguintes:

- a) Protección civil.
- b) Limpeza da vía pública.
- c) **Servizos de prevención e extinción de incendios.**
- d) Por ningún dos servizos anteriores.

47. De conformidade co art. 1 do RDL 5/2015, un dos seguintes non se considera fundamento de actuación do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a) Igualdade, mérito e capacidade no acceso e na promoción profesional
- b) Igualdade de trato entre mulleres e homes.
- c) **Eficiencia.**
- d) Transparencia.

48. Sinala a resposta incorrecta. As disposicións do Estatuto Básico do Empregado Público aplicaranse directamente ao persoal funcionario e no que proceda ao persoal laboral ao servizo das seguintes Administracións Públicas:

- a) A Administración Xeral do Estado.
- b) **Persoal funcionario das Cortes Xerais e das asembleas lexislativas das comunidades autónomas.**
- c) As Administracións das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.
- d) As Administracións das entidades locais.

49. Cal é o sistema normal de provisión de postos de traballo do persoal funcionario de carreira, consonte ao art. 79 do Estatuto Básico do Empregado Público? :

- a) Oposición
- b) Concurso-oposición
- c) **Concurso**
- d) Concurso-oposición-entrevista

50. Consonte ao art. 89.2 do TREBEP, cal é o período mínimo de servizos efectivos prestados polos funcionarios de carreira para obter a excedencia voluntaria por interese particular?:

- a) Dous anos inmediatamente anteriores.
- b) Un ano
- c) Catro anos, ou tres sen interrupción.
- d) **Cinco anos inmediatamente anteriores**

- 51. A Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, establece en canto ao permiso por adopción ou acollemento que o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído de...**
- a) Trinta días.
 - b) Vinte e dúas semanas.**
 - c) Dous meses
 - d) Vinte e dous meses.

- 52. O art. 7 da Lei 2/2015, establece que o persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese:**
- a) Pola Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.
 - b) Pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, exclusivamente.
 - c) Pola lexislación básica estatal que lle resulte aplicable e pola Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, coas especialidades reguladas no seu título X.**
 - d) Polo RDL 5/2015 e pola lexislación que sexa de aplicación ao persoal funcionario.

- 53. De conformidade co art. 15 da Lei do emprego público de Galicia, correspónelle á persoa titular da consellería competente en materia de administracións públicas:**
- a) Manter a adecuada coordinación cos órganos competentes en materia de persoal das demais administracións públicas.
 - b) Exercer as competencias que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia respecto do persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.
 - c) Designar as persoas representantes da Comunidade Autónoma nos tribunais cualificadores de procesos selectivos de persoal para as entidades locais.
 - d) Todas as respostas son correctas.**

- 54. O art. 30 da Lei de emprego público de Galicia establece que o cesamento do persoal eventual producirase pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:**
- a) Libre decisión da autoridade que efectuou o nomeamento.
 - b) Cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento. Neste caso, o cesamento do persoal eventual prodúcese de forma automática co cesamento da devandita autoridade.
 - c) Renuncia.
 - d) Todas as respostas anteriores son correctas.**

- 55. Sinala a resposta incorrecta. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta,.....**
- a) por razón de sexo
 - b) derivadas da maternidade
 - c) derivadas da relación laboral**
 - d) pola asunción de obligacións familiares

- 56. Cal é o artigo da Lei Orgánica 3/2007 que establece os criterios de actuación das Administracións Públicas, en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes:**
- a) Artigo 2
 - b) Artigo 61
 - c) Artigo 51**
 - d) Artigo 21

- 57. Sinala a resposta incorrecta. A Ordenanza municipal reguladora da administración electrónica de Ponteceso establece no seu artigo 1 que o seu obxecto será....**
- a) Establecer os dereitos e deberes que rexen as relacións por medios electrónicos dos cidadáns con esta Administración municipal.
 - b) Fixar o marco xeral de actuación para a implantación, impulso e desenvolvemento da Administración electrónica no ámbito municipal.

- c) Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos nos procedementos administrativos, de acordo coa lexislación básica estatal de Administración Local e da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos nos procedementos administrativos, de acordo coas vixentes normas reguladoras do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
58. A ordenanza municipal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira establece a garantía que os madeireiros deberán depositar. A a súa contía mínima será de:
- a) 600 euros
 - b) 6000 euros
 - c) 1,50 euros/TM
 - d) 300 euros
59. A ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do Concello de Ponteceso establece no seu artigo 16 as infraccións moi graves. Cal das seguintes respuestas non é unha infracción moi grave:
- a) Cando houbese grave repercusión nos recursos naturais.
 - b) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.
 - c) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.
 - d) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes.
60. Segundo a Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, cal dos seguintes actos estará suxeito a licenza urbanística?
- a) Os parcelamentos, segregacións, modificacións ou calquera outro acto de división de fincas ou predios efectuadas en virtude de proxectos de compensación, equidistribución ou similar.
 - b) En todo caso, as demolicións de construcións declaradas en ruína
 - c) As obras de urbanización previstas nos proxectos de urbanización
 - d) As primeiras ocupacións das edificacións.

PREGUNTAS RESERVA

1. Qué artigo da Constitución Española establece a autonomía da xestión dos intereses do municipio?
- a) O 138
 - b) O 136
 - c) O 147
 - d) O 137
2. Corresponde ao Pleno a competencia de...:
- a) Nomeamento de novo persoal.
 - b) Outorgar licenzas
 - c) Xestión orzamentaria
 - d) Todas son incorrectas

3. As notificacións por medios electrónicos entenderanse rexitadas

- a) Cando transcorresen dez días hábiles desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- b) **Cando transcorresen dez días naturais desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.**
- c) Cando transcorresen cinco días hábiles desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- d) Cando transcorrese un mes desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.

4. Segundo o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a aprobación das transferencias de crédito corresponde:

- a) Sempre ao Pleno.
- b) **Ao Pleno, cando se refiran a distintos grupos de función, salvo cando as baixas e as altas afecten a créditos de persoal.**
- c) Ao órgano autorizado polas Bases de Execución do orzamento aprobadas polo Alcalde.
- d) Sempre ao Alcalde.

5. Cal dos seguintes impostos ten carácter potestativo en canto á súa imposición?:

- a) **O Imposto sobre instalacións, construcións e obras.**
- b) O Imposto sobre bens inmóbiles.
- c) O Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- d) O Imposto sobre actividades económicas